

O ESTRAPERLO DURANTE A ÉPOCA FRANQUISTA NA ÁREA DE TUI

Natalia Jorge Pereira



INTRODUCCIÓN

No seguinte traballo de tipo micro intentaremos achegarnos a unha actividade económica de especial relevancia nas décadas centrais do s. XX: o estraperlo. Fenómeno de índole política, económica, social e cultural que marcou en profundidade a vida cotiá da poboación española. Por ende, pretendemos

enfocalo máis dende o ámbito social que económico sen por iso descontextualizalo. As causas, desenvolvemento e consecuencias serán o tres puntos básicos deste traballo. Elementos fortemente relacionados cunha realidade social, económica e política francamente difícil. A través destes intentaremos deducir se esta acti-

vidade se pode chegar a considerar unha forma de resistencia do campesiñado. Por isto, porase especial atención na actuación da poboación tanto como axentes activos como pasivos. Evidentemente, a economía será tocada en amplitude, xa que é a desencadeante desta actividade que marcará a sociedade.

O termo estraperlo, que hoxe pode resultar un tanto confuso, foi enormemente popular durante a época franquista. A pesar de ter un significado bastante controvertido sempre foi ben diferenciado doutra palabra moi empregada na fala da España ditatorial: o contrabando. Ambos termos, que a simple vista parecen sinónimos, non teñen as mesmas connotacións.

O estraperlo está asociado á supervivencia; o contrabando ó enriquecemento desprezable. O primeiro é unha canle temporal e o segundo non ten por que selo.

Se botamos man do diccionario da lingua española¹ elaborado pola Real Academia Española apréciase esa diferenciación:

CONTRABANDO:

- Comercio o produción de géneros prohibidos por las leyes a los particulares.
- Introducción o exportación de géneros sin pagar los derechos de aduana a que están sometidos legalmente.
- Mercaderías o géneros prohibidos o introducidos fraudulentamente.

ESTRAPERLO: (De *straperlo*, nombre dado a cierto juego fraudulento de azar, que se intentó implantar en España en 1935).

- Comercio ilegal de artículos intervenidos por el Estado o sujetos a tasa.
- Artículos que son objeto de dicho comercio.

Os obxectos ós que se reduce ese comercio ilegal no caso do estraperlo son acotados produtos suxeitos a taxa. É dicir, é unha actividade que se dará en países cun réxime económico profundamente intervido por parte do Estado. Así e todo, o contrabando abrangue todos aqueles produtos que a lexislación prohibe, sexa nun estado democrático, ou nun totalitario. Esta diferenza de partida é clave á hora de comprender todo o circuíto e o ambiente no que se desenvolve este mercado xa que a propia sociedade fará unha acentuada distinción.

Á marxe desta definición académica, C. Barciela delimita o seu campo á produ-

ción de bens non autorizados e á súa venda e compra clandestina.

Por qué o estraperlo?

Na historiografía contemporaneísta máis recente téñense abarcado diversos aspectos do franquismo. Pero dentro dese abano a área política lévase o maior volume de páxinas.

A natureza, a estrutura, organización, administración, as accións e a oposición son os temas máis recurridos. Nesta liña temos os traballos, por exemplo, de Paul Preston, J. L. Delgado, J. C. Sánchez. Séguenlle en orde gradual os traballos sobre economía, centrándose no que é o modelo autárquico (J. Martí; J. A. Biescas, Carlos Barciela...).

E, nos últimos anos, sobre aspectos da historia social que para o caso de Galicia destacan os traballos de L. Fernández Prieto (Represión franquista e desarticulación social en Galicia...). En menor medida enlázase o factor económico co social. Se exceptuamos os traballos de Raúl Soutelo podemos falar, incluso, dun baleiro historiográfico que se pode cubrir perfectamente empregando as fontes orais.

O estudo da época contemporánea máis recente conta cun elemento que non teñen outras disciplinas: a historia oral. Van xa 30 anos da desaparición de Francisco Franco co que se supuña que remataba esta etapa histórica en España. Trinta longos anos que lle permiten ó historiador dar unha marxe considerable de tempo para iniciar o seu traballo investigador cunha postura máis obxectiva. Non obstante, este ten que actuar xa, porque as fontes orais desaparecen e con elas parcelas da historia que posteriormente resultarán imposibles de reconstruír.

Neste sentido, a temática do estraperlo bebe directamente destas fontes xa que falamos dun método de resistencia das clases máis baixas á adversidade económica. Accións, que por normas xerais non quedan recollidas na documentación oficial, son as que J. Scott chama as armas dos febles, mecanismos que non veñen recollidos nas escrituras administrativas, xa que esta ten unha finalidade particular que nada ten que ver coa do bando que combate.²

Por outra banda, os informes franquistas son moi difíciles de acceder ou ben porque os arquivos que os gardan están pechados ó público ou ben porque o réxime se encargou de destruílo. Neste caso temos o SNT (Servizo Nacional do Trigo) ou o CGTA (Comisaría General de Abastecimientos e Transportes).³

Se aplicamos isto ó mundo galego, vemos como os estudos a este respecto son escasísimos. Os traballos máis relevantes veñen tratando o aspecto político;⁴ económico, referíndose ó modelo e consecuencias deste pero sen entrar en detalle; e social, na medida en que lles afecta ás organizacións asociativas⁵ (en que o estado pretende organizar a sociedade) e a algúns personaxes relevantes da cultura.

Para o tema concreto do estraperlo só contamos co traballo de Mónica Rocha (*Rocha, traballo de investigación de terceiro ciclo*) para o Condado, co de Paula Godinho (*Godinho, 1995*) para a raia portuguesa, e co de Raúl Soutelo a nivel rexional (*Soutelo, artigos*). Pero non deixan de ser excepcións. A nivel do territorio español contamos cos traballos de Carlos Barciela para o estraperlo do trigo, e o de Carmen Gutiérrez del Castillo para o aceite no período de 1940-1944.

Cun carácter máis xeral temos as investigacións de Francisco Alburquerque, José Manuel Naredo ou Aurelio García González. O problema destes traballos é que deixan moitos elementos no tinteiro. Por este motivo, podemos dicir que a cuestión do estraperlo ata o de agora non foi cuberta pola comunidade de historiadores.

Outro elemento alentador á hora do estudo do estraperlo é a longa liña fronteiriça que fai paradigmático que non haxa traballos a este respecto. Sobre todo en áreas con vella tradición de relacións comerciais internacionais, coma o caso de Tui. Esta cidade histórica constitúe un punto clave na fronteira con Portugal. Soamente a separa medio quilómetro, que se corresponde coa anchura do Miño neste tramo.

As relacións entre ambas ribeiras ó longo do tempo foron constantes. Durante a

época medieval e moderna esas canles estaban perfectamente asentadas⁶. Son diversas as crónicas que testemuñan eses frutíferos contactos, sobre todo no que se refire ó plano económico. O mesmo cabe dicir da época contemporánea, momento no que estas se diversifican e intensifican cando no 1886 se levanta a Ponte Internacional.

Ambas as marxes destacan pola súa prosperidade agrícola e gandeira. O municipio tudense conta con 11 parroquias que abastecen o núcleo urbano. Este configúrase así como un lugar de intercambio da zona, e, ó mesmo tempo, os seus contactos co país veciño enriquecen ese labor comercial destacándose coma unha das áreas de maior peso mercantil. Así, no 1944 existían en todo o territorio municipal 424 establecementos dedicados ó sector terciario. Nel incluímos dende tendas ultramarinos a tabernas. Esa cifra manterase ó longo das dúas décadas seguintes.

Este dato é bastante significativo se temos en conta que se calcula que o termo municipal de Tui no 1940 tiña 13.500 habitantes (Pazo Labrador, 1995). Facendo un cálculo aproximativo podemos deducir que arredor de 1.272 individuos se ocupaban do sector servizos, como comenta Gago González no seu artigo (Gago González, 1997), nos pequenos comercios acostumaba traballar todo o núcleo familiar.

Esta alta porcentaxe de poboación dedicada ó comercio explica o gran raigame do estraperlo, non debemos esquecer que no fondo esta é unha actividade comercial. Polo tanto, o contrabando era unha actividade moi coñecida na zona. Iso sí, sen o dinamismo e a mesma intensidade que se levará a cabo con posterioridade. Por isto, a poboación tudense coñece de primeira man este comercio. Por mor desta popularidade, que paradoxicamente se reserva ás conversas anecdóticas en círculos privados, este tema chegou a min, froito desa escolma de historias semifabulosas que contan os avós. Esa foi a canle coa que me familiaricei con este tema sen ser consciente. Por conseguinte, é unha cuestión non descoñecida a simple vista para min, pero que debido ós

problemas ligados á supervivencia de certos elementos da etapa anterior fixo que o traballo fose extremadamente dificultoso.

Ás imposibilidades de acceder á documentación oficial emitida polo aparato burocrático franquista sumouse o medo a falar pola pervivencia desa estrutura que provoca tanto temor, sobre todo en áreas pequenas e ruralizadas. Neste sentido, temos que dicir que o sistema represivo franquista levouse a cabo cun éxito indiscutible. Ante esta complicada tarefa de recoller información sobre un tema tan espiñoso dado nun momento tan devastador, non é de extrañar que a maioría das entrevistas, cando estas se poden realizar, sexan anónimas. En moitos casos a resposta a falar do tema é negativa.

Con isto cabe pensar que é posible que as consecuencias da ditadura se prolonguen no tempo ata a actualidade, e con isto dificultar o traballo do historiador.

Con esta traxectoria non é extraño que durante a época das cartillas este tipo de mercado se levase ás súas cotas máis altas. Por este mesmo motivo a memoria popular está afeita a este mecanismo comercial. Non obstante, a súa explotación masiva só se dará durante o franquismo, que dende o meu punto de vista, conformado ó longo da investigación, responde a un sistema de resistencia campesina. Esta hipótese vaise desenvolver máis extensamente nos capítulos seguintes.

O FRANQUISMO. UNHAS PINCELADAS BÁSICAS

A natureza política do franquismo

Un tema candente acerca do franquismo é a súa natureza política. Habitualmente o termo franquismo comprende unha serie de elementos que se consideran característicos dunha etapa histórica de España. Estes desenvólvense baixo o goberno persoal do ditador Francisco Franco, que é o que lle outorga o nome ó novo réxime.

Ese réxime configúrase como un estado unipersoal, autoritario e totalizador. Os rasgos que o definen serán:

- *Legalización dun partido único.* Este comprenderá diferentes grupos conservadores e fascistas: carlistas ou requetés, falanxe e sectores conservadores de dereitas. Eses diferentes grupos serán unificados definitivamente coa promulgación dun decreto en maio de 1937. O novo partido único recibirá o nome de FET de las JONS por proceder fundamentalmente de dúas forzas políticas: Falange Española de las JONS y de la Comunión Tradicionalista.
- *A ocupación de altos cargos estatais* por individuos de procedencia maioritariamente militar.
- *Sistema económico* autóctono do réxime que responde ós seus principios: autárquico. Mestura do proteccionismo da restauración e ditadura de Primo de Rivera e intervencionismo derivado do modelo fascista alemán e italiano.
- *Forte control social* baseado na restrición dos dereitos individuais e na represión. Para iso tecen unha forte rede de adeptos que actúan como axentes controladores da poboación.

Respecto ó sistema represivo, P. Preston fai un comentario lóxico no seu contido pero que habitualmente tende a pasar desapercibido:

“...Franco no gobernó unicamente por medio de la represión: tuvo considerable apoyo popular. Están los que por razones de riqueza, creencias religiosas o convicción ideológica eran activamente favorables a los valores de los nacionales durante la guerra civil de 1936-1939. Y estaba también el apoyo pasivo de quienes habían sido inducidos a la apatía política por la represión, los medios de comunicación controlados y las flagrantes deficiencias del sistema educativo. Por último, desde el final de los años cincuenta, Franco tuvo apoyo de quienes simplemente estaban agradecidos por la creciente mejora del nivel de vida.” (Preston, 1993: 846-847).

A historiografía máis recente califícaa como un réxime de forza con certos rasgos despóticos-bonapartistas onde a Igrexa desenvolveu funcións parapolíticas e

de lexitimación. Esta caracterización vén determinada pola existencia desas tres grandes familias que constitúen os sectores conservadores, falanxe e Igrexa.

A economía franquista: a autarquía

O franquismo segue sendo, hoxe en día, un tema estrela nos traballos de época contemporánea. Pouco a pouco estase a progresar en diversos aspectos que configuran o réxime. Ás veces recórrese a esta cuestión na procura de antecedentes de problemas actuais. Neste sentido, debemos situar as investigacións acerca da corrupción económica na década de 1980, en parte influída polo escándalo do goberno socialista. Deses anos datan algúns artigos de Carlos Barciela, por exemplo.

O tema económico non é un asunto á parte. O atraso español é achacable, e así o demostran os estudos, á posta en práctica das ideas de Franco e dos seus achegados.

O modelo autárquico, segundo a comunidade de historiadores, responde única e exclusivamente a unha decisión política totalmente allea a parámetros especificamente económicos. Corresponde á concepción de supeditar a economía á política. E para efectuala é imprescindible o uso do control e da disciplina, ambos elementos básicos nun cuartel militar. Así non son estraños as numerosas ocasións en que o país foi declarado en estado de excepción, restrinxíndose os escasos dereitos civís.

A economía seguirá eses mesmos parámetros. A autosuficiencia vai ser o obxectivo marcado polo novo goberno favorecido por unha situación de aillamento exterior incrementado tras o fracaso do eixo na segunda guerra mundial. O primeiro ensaio vai desenvolverse durante a guerra, cando se sentan as bases do novo modelo. As dúas pezas básicas coas que vai xogar a nova orde xa dende 1936 son:

- defensa da propiedade privada
- intervencionismo estatal.

A primeira institución que pon en marcha o bando nacional é o Servizo Nacional do Trigo, no 1938. Este será o órgano que poña en práctica o sistema autárqui-

co. Seguindo o exemplo da Italia de Mussolini pretenderá controlar a produción e uso do trigo. Para iso ocupárase de diferentes facetas:

- establecer os espazos territoriais nos que se ha de cultivar
- fixar o prezo de compra e venda
- designar o custo oficial do excedente que ó mesmo tempo é monopolizado polo propio Estado

No 1939 créase a Comisaría General de Abastecimientos y Transportes destinada a organizar a distribución da produción agraria, coa que se pechaban todavía máis os circuitos produtores e comerciais.

Nestes tres primeiros anos a intervención estatal abarcará o agro, a industria, o sistema monetario e o mercado exterior. Nestes anos realízanse os coñecidos acordos coa Alemaña hitleriana. Estas relacións, no canto de impulsaren a economía española, cegárona todavía máis polo uso do chamado comercio automático.

Neste sentido é importante destacar que a escasez de ouro e divisas era considerado polo ditador como unha cuestión sen relevancia. Joseph Fontana recolle unha idea presente en Franco xa no ano 1929:

“le reveló el secreto de sus concepciones económicas (entrevista con Manuel Aznar o 31 de decembro de 1938), que iban a revolucionar el mundo. Era, en sustancia, el mismo que había anticipado a Calvo Sotelo en 1929: que el oro y las divisas no tenían importancia alguna; que lo que contaba era tener reservas de materias primas. España tenía capacidad económica sobrada para dar cumplimiento a un ambicioso programa de desarrollo y bastaría con que se acabara la guerra y se dispusiera de todos los recursos para mirar el porvenir con plena confianza. Ese descubrimiento era tan trascendental como para que Franco se permitiese añadir: Anuncio que la experiencia de nuestra guerra tendrá que influir seriamente en todas la teorías económicas defendidas hasta hace poco como si fueran dogmas” (palabras do Caudillo do 31 de decembro de 1938 extraídas de Fontana, 1986:29).

Co final da guerra a autarquía aséntase plenamente como sistema económico. O seu uso provocará o atraso do país. Albert Carreras conclúe que *el periodo 1935-1950 resulta ser el único que puede explicar satisfactoriamente el atraso industrial de España* (Carreras, 1984: 114). Esa etapa coincide coa plena vixencia da autarquía.

O atraso podémolo observar en catro áreas ás que estará suxeita esta nova política:

- comercio exterior
- sistema financeiro
- industria
- agricultura. A gandería escapará en maior medida do interese estatal

O comercio interior e exterior verase xa dende 1939 suxeito ó total control da administración. Tres serían os órganos encargados da administración comercial: o IEME, o Ministerio de Industria e o Banco de España, dependente do Ministerio de Facenda. A inoperancia deste sistema debíase, principalmente, á discordancia de criterios de cada órgano.

No terreo das finanzas a tónica predominante será a emisión de débeda pública e un sistema de privilexios fiscais e comerciais. De aí o nacemento dunha aristocracia financeira adicta ó réxime que sustenta o monopolio do sector.

Por outra banda, e en relación co mercado exterior, España sufriu un déficit na balanza comercial motivada pola maior porcentaxe de importación que de exportación.

En contra do que o ditador cría e presumía, España dependía da importación de materias primas tanto de trigo como de combustible ou bens de equipo.

As restricións impostas ó comercio e ás finanzas provocou o mercado negro de divisas que se producían no mercado libre de Tánxer. Ese contrabando de divisas verémolo máis adiante cando falemos do estraperlo en Tui, ó sinalar o ouro como outro produto máis de intercambio oculto.

Así que na década de 1940 e 1950 no canto de reducirse o desbaraxuste monetario, increméntase. Ás débedas de guerra con Alemaña súmase a saída

indefinida de divisas españolas ó país aliado.

Toda esta situación provocou un descenso nos valores da economía española que necesitará esperar a 1959 para que recupere as taxas de 1930-1935.

A industria, supeditada ó Ministerio da Presidencia, estará en mans do INI. Este primará a produción pesada valéndose dos intereses do novo goberno.

A agricultura será a gran subordinada ó resto dos sectores en contra do discurso franquista que vanagloriaba o agro. No 1939, en complemento do SNT e do CGTA, créase o Instituto Nacional de Colonización (INC), que será un órgano baleiro de iniciativa cun presuposto nimio.

A labor do INC era apoiar a iniciativa privada de colonizar novas terras, fundamentalmente. Un exemplo en territorio galego é o levado a cabo na Terra Chá.

En resumo, o sector agrícola foi despois do gandeiro o menos favorecido polas accións gubernativas. No canto do seu fomento, incrementouse a súa intervención. Intervencionismo que non pretendía corrixir o sector, senón substituílo.

O escaso mimo da agricultura que constituía a base económica do país, axudado cun sistema fiscal arcaico que primaba os impostos indirectos e cun proceso de ruralización, conlevou á pauperización social.

Higinio Paris Eguilaz sitúa dun 20 a un 35 por 100 inferiores os salarios en 1949 respecto a 1936. O acceso ó emprego nas poucas industrias existentes estaba condicionado polas normas vixentes do sindicato único. Este restrinxía considerablemente os dereitos obreiros e a propia contrata de man de obra propio do proceso de depuración social.

A sociedade viu como os avances levados a cabo durante a República se rescindían. En prol disto, as clases sociais polarizábanse dando lugar a unha aristocracia, adicta ó réxime que controlaba a escasa riqueza do país, e un amplo grupo social integrado polos obreiros e agricultores que malvivían.

Neste ambiente rexorde con máis forza o clientelismo abrindo máis a brecha das diferenciacións sociais. Esta reestruturación

viuse incrementada polo sistema económico xenuinamente franquista no que o acceso ás necesidades primarias estaban en mans desa elite minoritaria, produtos de primeira necesidade, que ían dende o cereal ós medicamentos. Nesa situación o estraperlo cobra importancia como mecanismo de supervivencia e, en certa medida, ata pode que de resistencia.

O ESTRAPERLO

Unhas pinceladas xerais. Cronoloxía

Tui, pola súa situación estratéxica, contaba con dúas grandes armas á hora de resistir os anos da fame. Por un lado era unha área rural bastante fértil e, por outro, estaba pegado a un país estranxeiro: Portugal.

Como en todas as áreas fronteirizas os límites territoriais non forman parte real dos lazos sociais. No Baixo Miño, a pesar de que a fronteira se identificaba co río, as relacións entre ambos países eran continuas dende antano, constituíndo ó longo dos séculos unha zona moi rica comercialmente a ambas as ourelas. Os impedimentos á liberdade de intercambios recrudescíanse en época da ditadura de Miguel Primo de Rivera, pero xa para entón os circuitos comerciais estaban consolidados. Así que cando o franquismo instaurou a autarquía esas canles non só continuaron, senón que se incrementaron.

Estes dous puntos, Tui e Valença do Minho, encargáranse de redistribuír o material procedente do mercado negro ó interior de Galicia e ó de Portugal, respectivamente. Para iso ambas as cidades idearán toda unha serie de mecanismos que lle permitan saltarse os duros controis impostos polos dous países autoritarios e totalitarios.

Dende estes dous núcleos partirán unha gran cantidade de mercancías procedentes da ilegalidade que surtirán os principais núcleos urbanos galegos, chegando en ocasións a adentrarse en Castela, como lle ocorreu á entrevista número 9.

Como consecuencia, Tui axiña se destacará coma un centro importante a nivel económico. Por unha banda autoabasté-

cese; e por outra, serve as áreas circundantes. Isto beneficiará sen dúbida os individuos que se dediquen ó tráfico con grandes volumes.

Esta dobre canle de aprovisionamento do mercado negro explica, en boa medida, a súa incidencia na sociedade tudense. A través das fontes orais vemos como todo o mundo o coñecía, se é que non interviña nel.

Para o caso da raia portuguesa, Paula Godinho é a investigadora que máis traballou sobre este tema. A raíz das súas pesquisas en torno ás poboacións campestres fronteirizas demostrou como este comercio estaba perfectamente integrado nas economías familiares e se desenvolvía frutificamente dende antano.

O contrabando de época franquista presenta diversas variacións nas súas formas e contidos, que veñen determinadas polo cambio de modelo económico por parte do aparato burocrático franquista.

Carlos Barciela sitúa esa case ruptura no 1951. Para el ese é o punto clave, xa que nesa data se poñen en marcha as primeiras medidas de liberalización económica que culmina co plan de estabilización do 1959. Segundo este autor existirían dúas etapas:


- unha primeira longa etapa que dura dende a posguerra ata ben entrada a década de 1950

- unha segunda que abranguería dende mediados do 1950 ata principios do 1980

Ese corte sería determinado por un cambio económico que daría pé a un de carácter social. Os tipos de produtos e os actores sufrirían unha modificación.

Analizando a estrutura do mercado negro tudense apreciamos unha variación respecto ó esquema deseñado por Barciela. No caso baixomiñoto a primeira etapa que este autor finaliza no 1951 prolóngase ata principios da década de 1960. Esta etapa será protagonizada pola esaxerada fame que invade todos os ámbitos sociais. Por iso, o maior volume do contrabando remitírase a produtos de primeira necesidade: pan, carne, peixe, aceite, teas, etc.

Esta alteración observámola tanto nos produtos que se trafican coma nos axentes interventores. O cambio virá pouco



*Raiana cruzando a Ponte Internacional (postal
extraída de Díaz Martínez e Cameselle, 2002)*

antes de mediados da década de 1960. A partir deses anos contemplamos un descenso considerable da participación social e dos bens que se comercializan. Desta maneira pasariase dun tráfico obrigado pola fame a un de tipo complementario. Durante a segunda fase téndese a reducir o estraperlo de produtos de primeira necesidade. Toman o seu relevo o café, o téxtil, o tabaco ou o ouro. Pero xa os grupos implicados se restrinxen a grandes estraperlistas e algún que outro individuo que o fai de maneira puntual como actividade complementaria. Os pequenos estraperlistas destes momentos xa non se dedicarán ó tráfico de maneira total senón que o farán de forma parcial co fin de axudar a mellorar a economía doméstica e non tanto pola necesidade procedente da fame. Nestes casos os participantes acostuman ser vellos estraperlistas afeitos co mercado e coa forma do negocio ou ben persoas que simplemente o fan de forma puntual por motivos imprevistos.

Estes estraperlistas esporádicos non serán os que comercien con ouro, senón con produtos de menor relevancia ou de menor risco coma o tabaco e o café, artigos protagonistas nesta etapa.

Hai que ter en conta que o mercado negro é un fenómeno común a todas as áreas do territorio español. Non obstante varía a importancia dos produtos e o seu volume. E aquí reside a importancia do núcleo tudense.

Para comprender a integración social do estraperlo é decisivo acercarnos ás causas que o desembocaron. A mala situación económica xeral de toda España foi provocada non tanto polas destrucións durante a guerra senón máis ben motivadas polo modelo autárquico implantado polo novo réxime. A excesiva intervención dos poderes civís en todas as accións económicas afogou a poboación. Os mecanismos de control que o estado promove esgrimen en exceso a pouca riqueza coa que contaban os núcleos familiares.

Durante a guerra, froito das carestías alimentarias propias de todas as situacións de conflitos, púxose en funcionamento o sistema de cartillas de racionamento.

Estas cartillas ou cupos foron empregados como modo de distribución e de abastecemento. Así e todo, en España, unha vez rematada a contenda, no canto de se extinguir, renováronse varias décadas.

As cartillas de racionamento obrigaban ós agricultores a vender o excedente produtivo ó Estado a precio de taxa. Este como contrapartida asignaba un cupo de produtos de primeira necesidade á unidade familiar cuxa cantidade variaba en función do número de integrantes da casa.

Este reparto na práctica resultaba insuficiente para a subsistencia da poboación. Ademais, era desequilibrado tanto en volume coma nos produtos. Por exemplo, establecíase un cupo para o tabaco, pero un individuo podía non ser fumador polo que non lle interesaba, pero, pola contra, si precisaba doutros produtos como trigo ou carne. Para poder conseguilos o único recurso dispoñible era acudir ó intercambio ilegal.

Un exemplo palpable é o relatado pola entrevistada 3,⁷ que comenta:

“ (...) mira que a min víñanme a pedir un cuarterón de aceite para doce personas na Navidá... e non chegaba a nada o que lle daban de ración... na noite de Navidá víñan á miña abuela...”

A primeira cartilla de racionamento foi substituída o 6 de abril de 1943 por unha de carácter individual. A Administración explicaba do seguinte xeito os motivos da súa imposición:

“se estima como más equitativo, en orden a lograr una mejor distribución de los artículos intervenidos y más beneficiosa para la economía de la nación” (cita extraída de Martí, 1995: 116).

Desta maneira, as cartillas de racionamento configúranse como a causa máis directa da existencia do mercado negro. Como ben apunta Carlos Barciela *cualquier sistema de intervención y de racionamiento genera inevitablemente fenómenos de mercado negro, de estraperlo* (Barciela, 1998: 88). É certo que nestas áreas fronteirizas o comercio oculto existía de antano, como sosteñen varias entrevistadas,⁸ aínda que este non

contiña as magnitudes nin proporcións que vai acadar durante o franquismo.

Por outra banda, a lexislación non só impuña que alimentos e que cantidade se podía consumir, senón que limitaba o desprazamento dos artigos intervidos. Para iso esixíronse as guías nas que se debía especificar o responsable da operación, a orixe dos produtos, o destino, a cantidade e o precio outorgado á propia administración.

Isto non só prexudicaba de primeira man os comerciantes, senón que limitaba os movementos dos produtores e dos propietarios das pequenas tendas que estaban suxeitos ás directrices gubernativas. Deste xeito existía toda unha longa lista de produtos que non eran libres de ser empregados. Algúns exemplos deses artigos son: patacas, arroz, garavanzos, xudías, lentellas, azúcre, café, aceite, pensos, gando, carnes conxeladas, peixes, ovos, etc. Todos eles e incluso outros nos momentos inmediatos ó fin da guerra, coma o pan, eran mercancías do estraperlo.

Deste control encargábase a Comisaría General de Abastecimiento y Transporte e as Centrales Reguladoras de Productos Agrícolas (CREPAS). Os delegados tiñan na súa man o poder de establecer a distribución e con iso de privilexiar e castigar. Sobre este punto fala José María Gago González en *El pequeño comercio en el periodo autárquico. 1939-1959*⁹.

Inevitablemente as cartillas de racionamento ían condicionar o xurdimento do mercado negro. Porque sempre hai grupos que polo seu status poden facerse con máis cantidade de produtos sen ter que sobornar as autoridades. E como esa demanda existe, tamén hai produtores que non están dispostos a entregar os seus produtos a precio de taxa e prefíren vendelos máis caros a eses grupos que os demandan.

Incluso se dan casos de familias con folgado capital patrimonial que se dedicarán a este negocio. Con todo, este sector optará por facer este traballo de forma máis segura e cómoda, como é o caso da entrevistada número 3, que asegura que ela non pasou fame porque a súa nai tiña capital e ela dedicábase a mover o estra-

perlo en autobús a Vigo e a Pontevedra, chegando nalguna ocasión a Santiago de Compostela.

A realidade da situación era que o Boletín Oficial do Estado dicía unhas cousas e a rúa outra ben diferente. Eran dous mundos diferentes. E, quizáis, por esa excesiva intervención estatal tan afastada da realidade provocou o relaxamento do cumprimento das normas (MARTÍ, J: 1995). Isto axuda a explicar a visión cotiá do estraperlo. Non era visto como un acto ilegal, senón coma un feito aceptado e lóxico.

As ganancias dos grandes estraperlistas están á vista. Hoxe en día contan cun enorme capital en terras e inmobles, ademais dalguna empresa. En Tui, sen dúbida, son dúas as poderosas familias cuxo status lle provén do enriquecemento a raíz do estraperlo. Ás veces, de produtos tan paradigmáticos coma o comercio das tellas.

Este tipo de afirmacións hoxe en día temos que facelas en base á información oral e á propia lóxica que marca a razón. Non existe documentación que o patencie xa que a administración lle restaba importancia. Ademais, o propio persoal gubernativo formaba parte do negocio ou beneficiábase del a través de acordos tácitos que establecían coas persoas que traballaban nel.

Grazas a isto o mercado aumenta considerablemente, pero os pequenos estraperlistas víronse ameazados pola vontade dos representantes do novo marco político. Neste seo os premios ou regalos eran o resultado factible desta estreita relación. Pero, sen dúbida, os que máis se beneficiaron destes premios foron os carabineiros. Este grupo teceu unha rede de favores á marxe da lei que lle permitiu subministrar nas súas casas uns ingresos extras determinantes á hora de mellorar o seu status adquisitivo e un lugar social na nova sociedade. Unha das entrevistadas (nº 1), de forma anecdótica, comenta que grazas a estes cartos extras un carabineiro puido mercar un piso.

Os produtos e os grupos sociais

Como vimos sinalando ata agora, Tui foi un importante núcleo económico grazas ó mercado negro. Ese papel destacado non era froito dunha rede industrial ou agrícola, senón que procedía do estraperlo practicado polo 95% da poboación. O papel de cada individuo variaba en función do lugar que ocupara na rede dese comercio. Así temos os que pasaban os produtos; os que os distribuían tanto a nivel local, rexional como nacional; os que facilitaban o seu paso e distribución e os que o amparaban. Por non mencionar os que participaban de forma pasiva e que en ocasións actuaban desinteresadamente. É o caso da entrevistada nº 6, que relata como axudaba a unha das estraperlistas:

“había una que nos trabajaba a nosotras, llena de café y alguna vez mi madre y yo le ayudábamos a rellenar los kilos de café”

A continua presenza do estraperlo favoreceu a súa aceptación e a autoconciencia de ser algo positivo á marxe de criterios políticos. A entrevistada número 1 di:

“Aquí en Tui todo o mundo andaba ó estraperlo...”

Eu dedicábame ás labores da miña casa, o que pasa é que esta vencidá por aquí se dedicaba a vivir diso, de traer algo de contrabando así e de levar pa Portugal. Había veciñas amighas miñas que era do que vivían, francamente, e claro eu sabía porque miraba, ía a casa delas ...”

Non obstante, había un tipo de estraperlistas que estaba moi mal considerado polo conxunto da poboación: os grandes estraperlistas. Estes eran considerados coma uns aproveitados e falsos, xa que non só non entraban nas redes de solidariedade social do resto, senón que os prexudicaban na medida en que obtiñan favores dos poderes locais para incrementar o seu contrabando. As finalidades eran totalmente distintas.

Polo que o mercado negro era moi amplo e dentro había certa heteroxeneidade. Carlos Barciela fai unha estratificación en tres tipos de estraperlistas:

- Para el habería un extenso grupo formado por *una gran parte de la población española* que interviña mediante a compra, a venda ou o intercambio, pero sempre en pequenas cantidades e como último recurso de supervivencia.
- Un segundo sector integrarían os produtores agrarios e industriais para soste as súas empresas e para compensar os custos de produción. Este grupo e o anterior estaban motivados polas necesidades.
- Pola contra, habería un terceiro, segundo Barciela, que estaría formado polos grandes estraperlistas, entre os que sitúa *ministros, altos responsables políticos y funcionarios*.¹⁰

Para o caso tudense imos facer unha división en tres grupos pero diferindo na súa descrición. Esta estratificación atende en mellor medida á perspectiva da propia sociedade:

A) *Os grandes estraperlistas*: caracterizados polo comercio a grande escala e cunha ampla área de redistribución. Este sector estaría protexido, cando non configurado, polas instancias gubernativas. Basicamente serán os homes cabezas de familia ou todavía solteiros pero apoiados por algunha figura masculina.

Eran os que a entrevistada número 1 define como:

“e os que eran un pouco máis ghor-dos traían no coche, a eses non os veías porque a eses xa non lle revísaban o coche porque daban máis carga. A propina lle daban en cartos e moitos reghalos na casa pois uns polos, unha merluza...e comían todos”

B) *Os pequenos estraperlistas*: constitúen a gran masa dos participantes no mercado negro. Comercian polo miúdo e actúan en consonancia coas necesidades máis inmediatas que os levan a este tráfico. Son os que a entrevistada 2 alude como que “e daquela onde había o traballo pa elas que eran maiores?, miña nai tivome a min ós trinta e tres anos, je, eu nacín no vinte e catro, mira ti, se era gran-



Mercado ás portas da muralla. Nel tamén se comercializaban os produtos procedentes do estraperlo. (Díaz, 2002)

de miña nai, non había outro traballo nena, nin outro traballo, nin outra comida, nin nada”.

Este sector vai estar integrado maioritariamente polo xénero feminino. Serán mulleres adultas, “mozas e raparighas” as que se dediquen a pasar o contrabando pola Ponte Internacional, as chamadas raianas. Polo río serán os varóns, que eran os que posuían as barcas (gamelas) e os que dominaban as peculiaridades do río.

C) E, un terceiro grupo, formado por un *amplio sector que ocupaba as instancias gubernativas locais e, por suposto, polos carabineiros*. Así mesmo, pero cunha finalidade diferente, os comerciantes que mercaban e vendían esa mercancía.

A diverxencia entre os dous primeiros grupos é motivada polo volume das cantidades que moven, o uso e finalidade e o tipo de protección co que contan. O último sector poderíamos calificalo de actuación pasiva, xa que a súa obra non é tan activa, senón que simplemente se limitan a consentilo e a beneficiarse del

na medida en que poden mediante o seu posto laboral.

O sector dos carabineiros resulta un caso paradigmático. O posto na fronteira resultaba un premio de por si para os militares, xa que nel tiña opción a adquirir ingresos extras. Os soldos dos militares do cuartel non resultaban excesivamente altos, servían para vivir pero non para levar unha vida con comodidades. Unha das entrevistadas, que polo seu traballo visitaba asiduamente o cuartel da garda civil, describe así a situación dos militares:

“Eu tiven a oportunidade, de solteira xa, de ver como vivían, porque tuven de ir alí a servir o leite, e eu miraba que os do cuartel cheghaba a final de mes e non che podían pagar o mes, e se lle daban traslado pa outro lado ou se che quedaban a deber, ou se tal algunha cousa. Os que traballaban no puente as mulleres sempre tiñan cartos”

A alfándega facilitaba unha vida con maior amplitude, de aí a súa visión positiva deste posto que a simple vista non semella de especial relevancia.

O paso dos estraperlistas con cantidades maiores ás permitidas lexislativamente levaba implícita un pago ós representantes do poder, que neste caso eran os carabineiros e matronas. Eran os chamados premios. Materializábanse en parte dos produtos comercializados ou, nos casos dos grandes estraperlistas, en pagos metálicos. Este grupo militar entrará nos circuitos do mercado negro beneficiando os actores activos mediante avisos nos casos de supervisión dos altos cargos de Pontevedra ou mediante despistes ós carabineros que non se querían implicar na corrupción. Realmente estes individuos o que estaban facendo era relaxar considerablemente a súa función de controladores do tráfico de mercancía, sumándose deste xeito á corrupción imperante durante o franquismo. Esa á que tanto aluden os historiadores como Cazorla Sánchez ou C. Barciela. Este último conclúe que:

“La pretensión del franquismo de controlar totalmente, hasta en los aspectos insignificantes, la producción, el comercio y el consumo de productos se tradujo en un episodio de desorden y corrupción de la histo-

ria de España. Además, lo peor de estas situaciones es que generan intereses que se enquistan y que tienden a perpetuarlas en estraperlistas y sus socios en el gobierno y en las instituciones se acostumbran a un modo cómodo y sin riesgos de hacer grandes negocios: yo te concedo licencia para importar un cupo de coches, tú los vendes sin competencia al precio que desees y me das una compensación.”

No referente ás mercancías non se constata unha rica importación de materias primas para o abastecemento da industria. Este tipo de comercio limitábase a un sector moi reducido. Un caso xa mencionado é o das tellas. As mercancías remítense máis ben a produtos de primeira necesidade que non eran abastecidos suficientemente co sistema de cartillas. Referímonos ás patacas, ovos, carnes, peixes, aceite, café, ouro e pezas téxtiles.

As raianas, tanto portuguesas como galegas, levaban cara a Portugal pescadas, carne de vaca vella e porco, principalmente. Do país luso traíanse unha maior variedade de produtos por mor da incalculable escasez na que estaba sumida España: ovos, aceite ou o café, estes considerados pola poboación como artigos de luxo; carne de tenreira, material de costura e téxtil; e divisas e barras de cobre, en menor medida por seren uns artigos de difícil traslado. O obxectivo de saltarse a aduana debíase ó intento de evitar pagar por el e porque o Estado obrigaba a facer toda unha serie de trámites administrativos que prolongaban no tempo a súa efectualización.

Unha das mulleres entrevistadas (entrevista número 1) comenta respecto á exportación de carne vacún:

“Muita carne de vaca, eles tiñan de ternera, pero aquí de vaca e de cerdo. Aquí había carniceiros, por exemplo, como o V. ou así que vendía pa Portugal de vaca, desa vaca vella, e de cerdo. Muchísimo, fixo moito negocio. Tanto que hubo unha época había moitas carnicerías e iban carne e carne pa alá”.

Estes eran os produtos que se mantiñan constantes no tempo. Logo había outros

que fluuaban en función das necesidades. É o caso do envío a Portugal de utensilios de ferretería ou a importación de barras de xabón para España, por exemplo.

O tipo de produtos para intercambiar dependían, basicamente, das necesidades preeminentes dos dous lados do Miño. Isto explica a diverxencia dos xéneros a traficar e das variacións no tempo. Moitas veces comercializábase ilegalmente con produtos tan curiosos e insignificantes a nivel cualitativo como agullas de coser ou elástico.

Circuitos

Como ben sinalamos máis arriba, Tui serviu de punto de partida de abastecemento doutras áreas circundantes, como é o caso de Vigo, Redondela, Pontevedra... Eses territorios eran cubertos ben polos propios estraperlistas que se desprazaban a eses núcleos ou ben polos receptores que acudían a Tui, previa cita, para eles mesmos redistribuílos nas súas áreas de orixe. Nesta escala menor temos á entrevistada número 2, que integraba un grupo de estraperlistas que tiña un circuito predeseñado en función das feiras (os luns a Gondomar; os martes, Porriño; os mércores, Tomiño; os xoves en Tui; e os venres nas Neves) e, ademais, acudían á Pedra en Vigo.

Outros vendían en comercios da bisbarra tudense, principalmente dentro da cidade. Pero era un núcleo reducido. Tendían a facelo, sobre todo, en momentos en que fose arriscado telo agachado por mor de inspeccións policiais ou a raíz de acordos onde elas se encargaban do subministro extra de xéneros. A entrevistada número 1 descríbeme así:

“e elas que tiñan casas para ir a levar arriba ó pueblo ou así. A sitios que tiñan xa sinalados de ir a levarlles, non sabes, e así”

E logo particulares, como José de Pontevedra ou Antonia¹¹ de Redondela, que se desprazaban ás casas das estraperlistas tudenses coas que tiñan concertado o subministro. A entrevistada nº 1 descríbeme así:

“E logho tiña persoas que lle viñan de Redondela, de Pontevedra, clientes

que viñan no tren, cargaban e esperaban o tren pola mañán ou ás veces noites de que estar e marchar no outro día coa carga”

Hai casos concretos de mulleres que acudían a zonas máis apartadas en busca de maior remuneración, como a entrevista número 9, que se desprazaba ata León e Zamora.


Por outra banda, o sector dos grandes estraperlistas tiñan un radio de acción moito máis amplo, así e todo, non contamos con fontes fiables á hora de trazar os seus percorridos. En parte, debido á negativa de querer falar ó respecto. Algúns deixan intuír por medio de comentarios de anécdotas que se movían en torno a Santiago de Compostela e a outras zonas desprazándose en tren ou en autobús. Pero, sobre estas cuestións non podemos afirmar nada concreto por esa escasez de fontes fiables e firmes.

Á hora de redistribuír as mercancías os medios máis frecuentes eran camiñando, en autobús (a empresa encargada desta zona era o Pájaro Blanco, chamado vulgarmente “matavacas”) e tren. O traslado en medios públicos favorecía a camuflaxe e, se fose preciso, o abandono dos produtos en caso de perigo. Deste xeito era máis difícil a demostración de culpabilidade.

“e a min leváronme a Pontevedra por un kilo de café. E en vez de pagar eu tivo que paghalo o carabineiro e botárono fóra do puesto. Porque el a min o café, colleumo. Pero non mo colleu a min na man, colleumo no chan. E dixo que era meu, e era meu, pero eu non lle ía dicir que era meu. E alí en Pontevedra dixen que non era meu, e foi o carabineiro o que saíu fóra”

No que respecta ó traslado directo entre os dous países facíase a través de dous pasos: un primeiro cruzando o río ou ben pola Ponte Internacional e someténdose a rexistros pertinentes, ou ben polas barcas dos mariñeiros. En menor cantidade se trasladaban no tren que facía o percorrido internacional. A forma máis empregada era pasando a pé, xa que o tren tiña varias contrapartidas:

- había que adaptarse ós horarios



*Vista da Ponte Internacional dende a beira española
a principios do século XX*

- os carabineiros que rexistraban o tren non eran os mesmos que os da aduana, polo que tendían a ser menos permisivos
- esixía maior dificultade física

O río, pola contra, ofrecía a vantaxe de ser un medio de fácil camuflaxe na escuridade. Pero non por iso exento do pago de premios ós carabineiros, xa que estes facían a ronda pola ribeira. O que si permitía o emprego das barcas era o traslado de maior cantidade.

Unha vez pasado o estraperlo, era distribuído por España e por Portugal dende Tui e Valença, respectivamente.

A ambos os lados do río situábanse unha serie de comercios onde se compraban os produtos. Algunha entrevistada sinala que había barracas de madeira. Nelas podíanse vender ou gardar se fose preciso. Isto vén a demostrar a implicación total da poboación, que de forma pasiva favorecía a súa pervivencia.

Por outro lado, débese sinalar que os propios campesiños das áreas rurais circundantes actuaban no estraperlo na medida en que introducían nel os produtos ocultados. Ás veces eran xéneros de pouca

relevancia pero que resultaron imprescindibles á hora de sacarlle maior rendemento ó contrabando. Un exemplo representativo son os “cajavivos” que surtían as campesiñas de Prado (Gondomar), empregados para adulterar o café. A entrevistada número 2 ilustra ben isto:

“e había cajavivos a vender, eses feixóns piquirrichos, e nós comprábamollos os cajavivos ós da aldea que se puñan onde estivo o Antonio Neira, onde é hoxe o comercio ese que vende telas detrás do palco da música, ó lado do Bobby, alí era donde había as muller-ciñas que viñan de Prado, e vendían unhas mantequillas así piquirrichiñas, e traíanolos cajavivos pa tostarlos e nos xuntábamolos co café. E íbamos con el a Vigho, e levábamollos unhas baldranas postas pero xa non era café, eran case todo cajavivos”

Pero realmente o estraperlo supuña numerosos riscos. Os rexistros dos fogares eran habituais. O achádego de cantidades superiores ás que outorgaba o cupo levaba consigo multas, cárcere¹² ou, no peor dos casos, a perda da mercancía e o beneficio do investimento. Un caso dra-

mático foi o da tía da seguinte entrevistada:

“a miña tía apareceu aforcada. Collérona con moito café, e a metade non era dela. E como se mirou perdida” (foi ó cárcere)

Por isto mesmo deseñáronse mecanismos de ocultación como esconder a mercancía nas medas de palla, nos pozos, facer falsas paredes, enterralos, etc. Xa que o descubrimento por parte da policía levaba consigo futuros rexistros. Hai un caso moi curioso dunha entrevistada (nº 3) que relata que cando se atopaba con algún rexistro de camiño lle cantaba unha canción inventada por ela:

*qué quiere carabinero,
que no llevo contrabando
qué quiere carabinero
yo no llevo contrabando
y una barca velera
que la pobre está penando*

Neste sentido, entraron en funcionamento mecanismos de sociabilidade que encubrían ós infractores. En moitos casos simplemente axudaban desinteresadamente na preparación da mercancía para o seu traslado ou descarga de xéneros

que se pasaban polo río. Deste xeito, non se constata ningunha denuncia por parte de ningún veciño. Os máximos enfrontamentos procedían de entre as raianas cando se quitaban clientes entre elas. E para iso, como moito, retirábanse a palabra durante algún tempo.

Este rasgo permite reflexionar sobre a envergadura do mercado negro e a súa implicación social, tomando, en certa medida, un cariz de resistencia ante o sistema vixente por medio da actuación colectiva que fai fronte común ante as autoridades. Esta oposición non implica a existencia dun xiro político, xa que é unha forma de rebelarse e mostrarse indiferente e non participar no novo modelo imposto polo goberno. En moitos casos, simplemente é unha reacción intuitiva que responde a criterios de supervivencia que non resultan compatibles cos sistemas políticos existentes. Polo que os individuos optan por unha canle máis segura para mostrar o seu descontento, evitando, desta maneira, unha rebelión aberta que, o máis probable, remate en fracaso. En certa medida recorda a guerra de guerrillas. En todo caso é un mecanismo de resistencia exitoso que empregan os que Jim Scott chama “os febles”.

CONCLUSIÓNS PROVISIONAIS

As consecuencias máis inmediatas foron a supervivencia de moitos fogares que grazas ó estraperlo puideron resistir os anos máis duros da fame. E outros facer fronte a situacións imprevisibles, como son o caso de enfermidades. Recordemos que moitas menciñas non estaban permitidas e o único recurso de facerse con elas era o mercado negro. Aínda que esas ganancias non sempre se corresponderon co esforzo e perigo que entrañaban.

Por outra banda, foi negativo xa que axudou o aumento da inflación porque o valor de compra-venda apartouse do real. Isto debeuse a que canto máis demandado estaba un produto máis ascendía o seu prezo.

A longo prazo produciuse outro efecto negativo. E é que a prosperidade e beneficios do estraperlo non pasaron desapercibidos para sectores con maior nivel adquisitivo que viron nel unha fonte de

riqueza. Os grandes estraperlistas enriquecéronse do mercado negro. Moitos deles eran importantes cabezas da nova lista governamental e das administracións locais. Así existen dúas grandes familias que se fixeron cun enorme capital en inmobles que lle proporcionaron un certo poder local. E en boa medida a través dese peso económico adquiriron o social e a súa influencia no ámbito do poder local. Nalgún caso eles mesmos teceron a súa propia rede clientelar.

A corrupción é un fenómeno ligado ó control e o franquismo pretendeu facelo totalmente. De aí que se fale da volta ó florecemento do caciquismo. Sobre este asunto citar o artigo de Antonio Cazorla Sánchez, *La vuelta a la Historia: caciquismo y franquismo* (Cazorla Sánchez:1998), no que se trata a cuestión en maior amplitude.

Esta, probablemente, foi a peor consecuencia do estraperlo. C. Barciela engádelle a seguinte observación:

“los propios funcionarios de los organismos en intervención, aun los no corruptos, se convirtieron en defensores del sistema interventor ya que su propia carrera profesional, su propio empleo, estaba supeditado a la supervivencia del organismo” (Barciela, C., 1998:93).

No caso do estraperlo de época franquista podemos dicir que puido ser facilmente paliado e evitar o desmoronamento total da economía. O sistema autárquico conlevou a afogarse a si mesmo. Lonxe de solventar o retraso económico español respecto a Europa e de dotalo dunhas boas estruturas industriais que lle permitiran entrar competitivamente no mercado internacional, provocou o seu afundimento e a necesidade dunha reconversión industrial nada máis saír da ditadura.

A magnitude do estraperlo, como ben o demostran o comercio tudense de produtos de primeira necesidade, principalmente, teríase evitado cun mellor abastecemento da poboación, e con iso non fomentar o lastre do caciquismo. Nos sistemas democráticos, se hai corrupción, esta castígase.

Se aplicamos unha análise de clases sociais apreciaríamos unha clara división en tres grupos moi diferentes entre si:

1. O elevado número de pequenos estraperlistas configurarían un grupo homoxéneo coa finalidade da supervivencia inmediata. Nel actuarán mecanismos de solidariedade social que lles permite sobrevivir de forma cohesionada. Este sector será o que se mostre resistente ante o novo estado ó non identificarse con el. Falamos da maior parte da poboación.
2. Un reducido grupo formado polos máis beneficiados polo comercio ilegal que enriquecen as súas familias e ven nel unha canle cómoda de triunfo socioeconómico a longo prazo. Serían os grandes estraperlistas e os poderes locais. Un exemplo son os carabineiros que non se integran neses círculos de sociabilidade dos pequenos estraperlistas, senón que se aproveitan do seu esforzo en beneficio propio. Se non entraran no mercado negro e, pola contra, desenvolvesen a súa verdadeira labor, que era evitar o contrabando, non se farían con diñeiro extra. E sen este non se enriquecerían a longo prazo. Así vemos que o estado impulsou, en certa medida, a que os militares da aduana se insertaran na ilegalidade.
3. Un escaso número de familias acomodadas xa de antano, que non se integran no novo sistema pero que tampouco avogan por ningunha das dúas partes de forma activa.

Esta subdivisión vén a demostrar como o réxime franquista tivo escasos éxitos en Tui. E os poucos adeptos eran, na maioría dos casos, consecuencia dos beneficios que se poderían chegar a extraer del. Os poucos autores que trataron o tema do estraperlo conclúen que simplemente foi un medio de supervivencia carente de transfondo político. Así temos as opinións, por exemplo, de Mónica Rocha, Raúl Soutelo ou Miguel Cabo. Polo contrario, se aplicamos a este contexto unha análise marxista podemos ver que realmente si que existiu en boa medida unha



Ilustración da Ponte Internacional. Dende os primeiros momentos da súa construción este monumento estivo rodeado de grande expectación polo seu carácter revolucionario. Ó fondo apréciase o núcleo urbano. (Díaz, 2002)

resistencia campesiña canalizada a través do contrabando.

Jim Scott e E. P. Thompson demostraron como as rebelións das clases subalternas non se manifestan de forma aberta, senón que se encobren de xeito que sexa difícil a resposta das clases dominantes. O pequeno estraperlo foi levado a cabo pola inmensa maioría da poboación constituíndose como unha pauta consistente. Isto demostra o feito de que o estraperlo en Tui non morre ata os últimos anos da década de 1970. Polo que se prolonga no tempo independentemente do volume.

A cuestión do estraperlo afonda na clara diverxencia entre a realidade e o que o aparato governativo facía. Se os veciños que non participaban activamente no estraperlo quixeran adecuarse ó novo réxime terían denunciado estas accións e beneficiado dos favores deste. Pero, optaron por escudar a todas esas persoas

que se resistían a aceptalo. Era unha forma de resistencia que ofrecía certas garantías, aínda que non estaba exenta de perigo. Se simplemente se debese á propia subsistencia non se tería prolongado tanto no tempo e adecuado ó propio mercado.

Os individuos non se arriscan tanto cando non ven nas súas accións un beneficio, por pouco que sexa que os estimule. A poboación prefere axudar os seus propios veciños, sendo consciente dos riscos que corre, e non o réxime. Polo que impera o que E.P. Thompson acuña como economía moral, no sentido en que prevalecen os vellos mecanismos de solidariedade e se mostran resistentes ante o cambio. Porque se identifican con esa realidade e non co Goberno. Se queremos podemos incluso, anacronicamente, comparalo a modo explicativo cos encubrimentos ante Facenda. Isto é, un pode ocultar determinados bens na declaración da renda como forma de beneficiarse

máis a si mesmo pero sempre tendo uns determinados parámetros de seguridade. Poucas persoas se van arriscar a unha multa. Pero, no estraperlo, os contrabandistas si que se arriscan a esa multa e a maiores penas todos os días. Polo que non pode ser unha acción en van, ten que ter un transfondo.

Nese sentido, as miñas conclusións persoais para o caso tudense é que realmente si que existe unha resistencia ó novo réxime. E esta lévase a cabo por medio do mercado negro que ofrece unhas condicións arriscadísimas que son limadas pola cooperación veciñal. A solidariedade non se rompe, senón que se incrementa. Isto o vemos por exemplo na entrevistada número 1 e na número 6, que non participaban activamente, senón que encubrían as persoas que si o facían e as axudaban, en ocasións, desinteresadamente, sen teren elas necesidades económicas.

ANEXOS

Fichas das entrevistas

Entrevista nº 1:

NOME E APELIDOS DO/A ENTREVISTADO/A: C. F.
IDADE: 72
SEXO: muller
LUGAR DE NACEMENTO: Randufe
CONCELLO: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
LUGAR DE RESIDENCIA ACTUAL: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
DATA DA ENTREVISTA: 20/11/2004
DATOS TÉCNICOS: gravación
DURACIÓN: 50 min
IDIOMA: galego/ castelán

Entrevista nº 2:

NOME E APELIDOS DO/A ENTREVISTADO/A: F. G.
IDADE: 81
SEXO: muller
LUGAR DE NACEMENTO: A Guía
CONCELLO: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
LUGAR DE RESIDENCIA ACTUAL: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
DATA DA ENTREVISTA: 20/11/2004
DATOS TÉCNICOS: gravación
DURACIÓN: 60 min
IDIOMA: galego/castelán

Entrevista nº 3:

NOME E APELIDOS DO/A ENTREVISTADO/A: D. F.
IDADE: 83
SEXO: muller
LUGAR DE NACEMENTO: Tui
CONCELLO: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
LUGAR DE RESIDENCIA ACTUAL: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
DATA DA ENTREVISTA: 20/11/2004
DATOS TÉCNICOS: gravación
DURACIÓN: 20 min
IDIOMA: galego/castelán

Entrevista nº 4:

NOME E APELIDOS DO/A ENTREVISTADO/A: E. F.
IDADE: 73
SEXO: muller
LUGAR DE NACEMENTO: Pazos de Reis
CONCELLO: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
LUGAR DE RESIDENCIA ACTUAL: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
DATA DA ENTREVISTA: 20/11/2004
DATOS TÉCNICOS: gravación
DURACIÓN: 30 min
IDIOMA: galego/castelán

Entrevista nº 5:

NOME E APELIDOS DO/A ENTREVISTADO/A: E. P.
IDADE: 89
SEXO: muller
LUGAR DE NACEMENTO: Caminha
CONCELLO: Tui
PROVINCIA: Pontevedra

LUGAR DE RESIDENCIA ACTUAL: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
DATA DA ENTREVISTA: 20/11/2004
DATOS TÉCNICOS: gravación
DURACIÓN: 20 min
IDIOMA: galego/castelán/portugués

Entrevista nº 6:

NOME E APELIDOS DO/A ENTREVISTADO/A: S. M.
IDADE: 93
SEXO: muller
LUGAR DE NACEMENTO: Tui
CONCELLO: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
LUGAR DE RESIDENCIA ACTUAL: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
DATA DA ENTREVISTA: 21/11/2004
DATOS TÉCNICOS: gravación
DURACIÓN: 10 min
IDIOMA: castelán

Entrevista nº 7:

NOME E APELIDOS DO/A ENTREVISTADO/A: D. F.
IDADE: 90
SEXO: muller
LUGAR DE NACEMENTO: Tui
CONCELLO: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
LUGAR DE RESIDENCIA ACTUAL: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
DATA DA ENTREVISTA: 21/11/2004
DATOS TÉCNICOS: gravación
DURACIÓN: 10 min
IDIOMA: castelán

Entrevista nº 8:

NOME E APELIDOS DO/A ENTREVISTADO/A: M. A.
IDADE: 79
SEXO: muller
LUGAR DE NACEMENTO: Goián
CONCELLO: Tomiño
PROVINCIA: Pontevedra
LUGAR DE RESIDENCIA ACTUAL: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
DATA DA ENTREVISTA: 21/ 11/ 2004
DATOS TÉCNICOS: gravación
DURACIÓN: 50 min
IDIOMA: castelán

Entrevista nº 9:

NOME A APELIDOS DO/A ENTREVISTADO/A: M. P.
IDADE: 80
SEXO: muller
LUGAR DE NACEMENTO: Tui
CONCELLO: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
LUGAR DE RESIDENCIA ACTUAL: Tui
PROVINCIA: Pontevedra
DATA DA ENTREVISTA: 18/12/2004
DATOS TÉCNICOS: gravación
DURACIÓN: 35 min
IDIOMA: galego/castelán

NOTAS

1. A edición do *Diccionario de la lengua española* empregado é de 1992, correspondente á vixésima edición.
2. Convén entender as relacións entre o aparato administrativo e a sociedade como confrontadas, sobre todo nun réxime totalitario imposto pola forza.
3. Ultimamente os traballos sobre a oposición foron aumentados e profundizados. Destacan como exemplos os traballos de Fernández Prieto, Hervés Sayar, Artiaga Rego, Balboa López, Soutelo Vázquez, Rodríguez Polo, etc.
4. Traballos de Lanero e José Babiano, e de L. Fernández Prieto, entre outros.
5. A ocupación da actual Valença do Minho remóntase á época augusta. Está documentada a súa existencia durante o Imperio porque por alí pasaba a III vía militar romana que ligaba Bracara Augusta con Tui. Esta última xa fora ocupada dende época prerromana.
6. D. F. proviña dunha familia con certa solvencia económica procedente do patrimonio herdado. Seu avó nesta época tiña unha tenda de ultramarinos ademais de numerosas terras onde empregaba a xornaleiros. Así e todo, esta entrevistada dedicouse ó grande contrabando que ela mesma distribuía polos arredores de Vígo.
7. Un dos casos máis sonados de estraperlo foi o efectuado polo popular Señor Modesto na década de 1920. Este tudense introducía ilegalmente dinamita en España para venderla ás canteiras de Budiño.
8. Gago González, José María: “El pequeño comercio en el periodo autárquico. 1939-1959”, en *Historia y memoria del franquismo 1936-1978. IV Jornadas de Historia y Fuentes Orales*, Ávila, Fundación Cultural Santa Teresa, pp. 289-313.
9. José, nome ficticio, viña de Pontevedra en tren, de feito el traballaba en RENFE; Antonia de Redondela posuía un comercio de ultramarinos.
10. Os estraperlistas que collían presos ían ó cárcere a Pontevedra. Ante a pregunta de se era frecuente isto, tres entrevistadas din que si, que foron moitos.

BIBLIOGRAFÍA

- ARIEL DEL VALS, F. (1999).—“Memoria contra poder: el desarrollo de la conciencia cívica bajo el franquismo”, en *IV Encuentro de Investigadores del Franquismo*, Valencia, pp. 294-302.
- BABIANO, José (1998).—“¿Un aparato fundamental para el control de la mano de obra? (Reconsideraciones sobre el sindicato vertical franquista)”, en *Historia Social*, n.º 30, pp. 23-38.
- BANHOS, A. (1994).—A Galiza fronteira de Portugal con Espanha, en *Agália*, n.º 39, pp. 259-268.
- BARCIELA LÓPEZ, Carlos:
- (1998).—“Franquismo y corrupción económica”, en *Historia Social*, n.º 30, pp. 83-96.
 - (1989).—“Algunas cuestiones sobre la agricultura española durante el Franquismo”, en *Areas*, n.º 10, pp. 89-94.
 - (1986).—“El mercado negro de productos agrarios en la posguerra, 1939-1953”, en *España bajo el Franquismo*, ed. Crítica, Barcelona, pp. 192-206.
 - (1979).—“El estraperlo de trigo en la posguerra”, en *Moneda y Crédito*, n.º 151.
 - (1970).—“Fraude fiscal y mercado negro durante el primer franquismo”, en *Hacienda Pública*, n.º 1.
- BARREIRO FERNÁNDEZ, Xosé Ramón (1984).—*Historia contemporánea de Galicia*, tomo II, ed. Gamma, A Coruña.
- BOUZADA, Xan (1987).—“A cultura do contrabando”, en *Luzes de Galiza*, n.º 8/9, pp. 31-37.
- CABO VILLAVEVERDE, Miguel (1998).—*O agrarismo*, ed. A Nosa Terra, Vigo.
- CAZORLA SÁNCHEZ, Antonio (1998).—“La vuelta a la historia: caciquismo y franquismo”, en *Historia Social*, n.º 30, pp. 119-132.
- Couceiro Domínguez, E. (1993).—“Galegos e portugueses en Tui. Estereotipos, diferenciacións e asimilacións definitorias das identidades colectivas desde a perspectiva galega”, en *Actas do Simposio Lindeiros da Galeguidade II*, A Coruña, pp. 85-96.
- Díaz Martínez, C. e Cameselle, R. (2002).—*A memoria de Tui*, ed. Xerais, Vigo.
- FERNÁNDEZ PRIETO, Lourenzo (1993).—“Represión franquista y desarticulación social en Galicia. La destrucción de la organización societaria campesina. 1936-1942”, en *Historia Social*, n.º 15, pp. 49-55.
- FONTANA, Josep (1986).—“Naturaleza y consecuencias del franquismo”, en *España bajo el Franquismo*, ed. Crítica, Barcelona, pp. 9-39.
- GODINHO, Paula (1995).—“O contrabando como estratègia integrada nas aldeias da Raia Transmontana”, en *A trabe de ouro*, tomo II, ano VI, pp. 571-583.
- GAGO GONZÁLEZ, José María (1997).—“El pequeño comercio en el periodo autárquico. 1939-1959”, en *Historia y memoria del franquismo 1936-1978. Jornadas de Historia y Fuentes Orales*, Fundación Santa Teresa, Ávila, pp. 289-313.
- GARCÍA DELGADO, José Luis (1986).—“Estancamiento industrial e intervencionismo económico durante el primer franquismo”, en *España bajo el franquismo*, ed. Josep Fontana, ed. Crítica, Barcelona, pp. 170-191.
- García Encabo, C. et alii (1996).—*Cartas muertas. La vida rural en la posguerra*. Edita y Ámbito ed., Soria.
- GARCÍA MAÑÁ, L. M. (1987).—*Miño, ¿existiu unha fronteira? Apuntes históricos, xurídicos e sociolóxicos*, ed. Galaxia, Vigo.
- GIRÁLDEZ LOMBA, A. (1996).—“Sobrevivir en los tiempos del hambre en Vigo y sus alrededores”, en *Boletín del Instituto de Estudios Vigueses*, ano II, n.º 2, pp. 217-229.
- GÓMEZ HERRÁEZ, J. M. (1993).—“Las instituciones locales ante la autarquía económica (1039-1959)”, en Tusell et alii (eds.), *El régimen de Franco (1936-1975)*, tomo I, ed. UNED, Madrid, pp. 305-316.
- GÓMEZ OLIVER, M. (1996).—“La conflictividad rural en la España Contemporánea”, en *Noticiero de Historia Agraria*, n.º 12, pp. 49-53.
- GUTIÉRREZ DEL CASTILLO, Carmen (1983).—“Una estimación del mercado negro del aceite de oliva en la posguerra española”, en *Agricultura y Sociedad*, n.º 29, pp. 153-173.
- LANERO TÁBOAS, D. (2001).—*Las Hermandades sindicales de Labradores y ganaderos en el campo pontevedrés: una aproximación a su proceso de implantación y primeros años de funcionamiento (1939-1959)*. Trabajo de investigación de Tercero Ciclo. Universidade de Santiago de Compostela.
- MARTÍ GÓMEZ, José (1995).—*La España del estraperlo (1936-1952)*, ed. Planeta, Barcelona.
- PAZO LABRADOR, Alberto e SANTOS SOLLA, Xosé Manuel (1995).—*Poboación e territorio. As parroquias Galegas nos últimos cen anos*, ed. Difux, Santiago de Compostela.

- PRADA RODRÍGUEZ, Xulio; SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl (1997).—“As estratexias de supervivencia económica na posguerra: mercado negro, acaparamento e ocultación”, en *Historia Nova V. Actas do V Congreso de Xoves Historiadores de Galicia*, pp. 177-214.
- PEREIRO LEIRA, Tito (1995).—“Control político, apoios e protestas campesiñas no franquismo”, en *Historia nova III, Contribución dos Xoves Historiadores de Galicia*, pp. 255-270.
- PRESTON, Paul (1993).—*Franco. Caudillo de España*, ed. Mondadori, Barcelona.
- ROCHA NOVOA, Mónica.—*As consecuencias socio-históricas do estraperlo. O Condado 1940-1990*. Tralado de investigación de Terceiro Ciclo. Universidade de Santiago de Compostela.
- RODRÍGUEZ POLO, X. R. (1999).—“Aproximación ó movemento galeguista na dictadura de Franco, 1939-1960”, en *IV Encuentro de Investigadores sobre el franquismo*, Valencia, pp. 387-393.
- SCOTT, Jim:
 - (1997).—“Formas cotidianas de rebelión campesina”, en *Historia social*, n.º 28, pp. 13-38.
- (2003).—*Los dominados y el arte de la resistencia: discursos ocultos*, ed. Tafalla.
- SOUTELO VÁZQUEZ, Raúl.—“Galicia nos tempos de apandar: mercado negro, autarquía e sociedade durante o primeiro franquismo, 1936-1959”. Sen publicar.
- SOUTELO VÁZQUEZ, R.; VARELA SABAS, ALFREDO (1995).—“As estratexias defensivas do campesiñado galego perante a represión política do agrarismo, 1936-1946”, en *Historia Nova III, Contribución dos Xoves Historiadores de Galicia*, 271-291.

DEDICATORIA

A María “a Portuguesa” que tantas historias fabulosas me contou.

Grazas abuela